

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO

CURSO: 2º BACH

MATERIA: HISTORIA DA FILOSOFÍA

DEPARTAMENTO: FILOSOFÍA

DATA: 09/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias

a) Competencias clave do currículo:

Comunicación Lingüística (CCL)

Aprender a aprender (CAA)

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Competencia dixital (CD)

Conciencia e expresións culturais (CEC)

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP)

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Competencias clave fundamentais na materia

CCL; CAA; CSC; CD; CEC; SIEP

b) Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe por unidades didácticas e contidos transversais:

CONTIDOS TRANSVERSAIS

COMENTARIOS DE TEXTO FILOSÓFICO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.

ESTÁNDARES B1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas. **B1.1.2.** Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas. **B1.1.3.** Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados.

DIÁLOGO E ARGUMENTACIÓN FILOSÓFICA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes.

ESTÁNDARES B1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito. **B1.2.2.** Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos comúns.

INVESTIGACIÓN FILOSÓFICA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos. **B1.4.** Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da filosofía. **B1.4.** Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na realización e na exposición dos traballos de investigación filosófica.

ESTÁNDARES B1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política. **B1.3.2.** Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organízalos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía do autor, e aplícalos con rigor. **B1.3.3.** Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e recoñece as fontes fiables. **B1.3.4.** Realiza redaccións ou disertacións, traballos de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados na historia da filosofía. **B1.4.1.** Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diapositivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos. **B1.4.2.** Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación, e decide os conceptos adecuados. **B1.4.3.** Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.

UNIDADES DIDÁCTICAS

UD 1. DOS PRIMEIROS FÍSICOS AO XIRO ANTROPOLÓXICO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso.

ESTÁNDARES HFB2.1.3. Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático

e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón.

UD 2. PLATÓN: COÑECEMENTO, ANTROPOLOXÍA E XUSTIZA NA TEORÍA DAS IDEAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso.

ESTÁNDARES B2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos con rigor. **B2.1.2.** Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude. **B2.1.3.** Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón. **B2.1.4.** Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación.

UD 3. ARISTÓTELES E A HELENÍSTICA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN B2.2. Entender o sistema teleolóxico de Aristóteles, en relación co pensamento de Platón e a física de Demócrito, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e cos cambios socioculturais da Grecia antiga. **B2.3.** Coñecer as escolas éticas xurdidas no helenismo, como o Epicureísmo, o Estoicismo e o Escepticismo, valorar o seu papel no contexto socio-histórico e cultural da época, e recoñecer a repercusión dos grandes científicos helenísticos, apreciando a gran importancia para occidente da Biblioteca de Alexandría.

ESTÁNDARES B2.2.1. Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade e virtude, entre outros. **B2.2.2.** Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais

de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética eudemonística e a política, en comparación coas teorías de Platón. **B2.2.3.** Describe as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filosofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achagadas por Aristóteles. **B2.2.4.** Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións. **B2.3.1.** Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina.

UD 4. A FILOSOFÍA RACIONALISTA DE DESCARTES

CRITERIOS DE AVALIACIÓN B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista e o monismo panteísta de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Moderna.

ESTÁNDARES B4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor. **B4.2.2.** Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval. **B4.2.3.** Identifica os problemas da filosofía moderna e relaciónaos coas solucións aportadas por Descartes. **B4.2.4.** Estima e razoa o esforzo da filosofía de Descartes por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana.

UNIDADE 5. O EMPIRISMO INGLÉS: LOCKE E HUME

CRITERIOS DE AVALIACIÓN B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.

ESTÁNDARES B4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, inmanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor. **B4.3.2.** Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno. **B4.3.3.** Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaos coas solucións aportadas por Hume. **B4.3.4.** Valora o esforzo da filosofía de Hume por

contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva.

UD 6. O CRITICISMO KANTIANO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN B4.5. Comprender o idealismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.

ESTÁNDARES B4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nómeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízalos con rigor. **B4.5.2.** Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna. **B4.5.4.** Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións

UD 7. MARX: O MATERIALISMO HISTÓRICO E A CRÍTICA DO IDEALISMO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea.

ESTÁNDARES B5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízalos con rigor. **B5.1.2.** Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo. **B5.1.3.** Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx. **B5.1.4.** Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social.

UD 8. O VITALISMO DE FRIEDRICH NIETZSCHE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea

ESTÁNDARES B5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, tragedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor. **B5.2.2.** Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. **B5.2.3.** Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche. **B5.2.4.** Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade.

UD 9. FILOSOFÍA ESPAÑOLA: ORTEGA Y GASSET

CRITERIOS DE AVALIACIÓN B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España.

ESTÁNDARES B5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros. **B5.3.2.** Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras. **B5.3.3.** Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valora o seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia.

2. Avaliación e cualificación

a) Procedementos:

- Avaliación inicial: Xa levada a cabo, permitíu orientar a labor docente partindo do nivel de desenvolvemento das competencias por parte do alumnado no inicio do curso.
- Avaliación continua: ao longo dos dous primeiros trimestres realizáronse unha serie de probas e tarefas que serven de referencia prioritaria para a cualificación final, sen perxuízo do traballo realizado no terceiro trimestre, que tamén terá o seu peso na nota final.

- Avaliación final: o alumnado que non supere a avaliación continua realizará unha proba escrita na poderá superar os descritores non superados.
- Avaliación extraordinaria: se fose preciso, o alumnado terá unha nova oportunidade para superar a materia tras a avaliación final. O formato seguerá o indicado pola CIUG para as probas ABAU.

b) Instrumentos de avaliación e procedemento para obter a cualificación final (100%):

- Tarefas (30%)
- Probas escritas (40%)
- Comentarios de texto mediante a participación en foros, conversas e postas en común realizados en cada sesión (30%)

A situación actual fai que o terceiro trimestre se pense como un trimestre de recuperación ou que permita subir nota. Polo tanto, danse dúas circunstancias:

1. Aquel alumnado que teña as primeiras dúas avaliacións superadas recibirá unha cualificación final que se corresponde coa media aritmética das dúas primeiras avaliacións e o terceiro trimestre poderá engadir ata 2 puntos no cómputo final: $((1^o+2^o)/2)+3^o$.
2. Aquel alumnado que non teña superadas as dúas, ou algunha, das primeiras avaliacións será avaliado polos mesmos instrumentos que conforman a avaliación continua do conxunto do alumnado, pero eses mesmos instrumentos serverán como ferramentas de recuperación.

Cabe precisar que, posto que se trata dunha avaliación continua, a excepcionalidade da situación do terceiro trimestre non irá en perxuízo do decurso global do curso en aspectos como a presencialidade ou o traballo diario. So así se pode entender que o terceiro trimestre permita recuperar ou subir nota.

C. Proba extraordinaria e alumnado coa materia pendente:

Quen debe ir á avaliación final?

Todo o alumnado que teña algunha avaliación non superada.

En que consistirá a proba?

Será unha proba escrita na que se diferenciarán os contidos de cada avaliación non superada.

Que estándares se van avaliar?

Se preguntará polos estándares de aprendizaxe de cada avaliación, de tal modo **que cada quen se examine exclusivamente dos que correspondan a/as avaliación/s non superadas.**

Na avaliación de pendentos se terán en conta os mesmos criterios, avaliándose aqueles estándares que non foran superados previamente. Só cambiarán, por motivos de organización académica as datas de realización das probas e a temporalización dadas as modificacións que se poidan pactar posteriormente en función sempre das necesidades do alumnado.

Como se elabora a cualificación final?

Se elabora atendendo aos estándares con maior peso na programación e se pondera en función da dificultade que poidan presentar.

3. Metodoloxía, actividades e recursos.

O día 13 de marzo achegóuselle ao alumnado un documento con directrices para comezar a traballar a distancia dende o primeiro momento. O documento contemplaba unha serie de instrumentos que, tomando como modelo a proba ABAU, se pensou como unha ferramenta coa que traballar as competencias recollidas no currículo de segundo de bacharelato, incidindo naquelas que son máis propias da materia. Así, por exemplo, no devandito documento figuran materiais de refozo dos autores, complementos ás unidades didácticas elaboradas polo departamento (como documentos audiovisuais online), léxicos de referencia e textos seleccionados polo grupo de traballo de filosofía encargado de conformar as probas ABAU.

Empregouse dende o día 15 un curso na aula virtual no que se atendeu ao alumnado de xeito continuo dende ese mesmo día. Habilitáronse para o seguemento do seu traballo dous foros: un para consultas xerais e outro orientado a cuestións estritamente filosóficas. Co mesmo obxecto, pero, para lograr unha interacción directa, habilitouse unha sala de conversas que nos permitise en tempo real manter unha mínima interacción, deste xeito creouse unha rutina de traballo que permitiu un tránsito fluído á videochamada. Asemade, a conversa tiña a finalidade de rexistrar todo o falado para que aqueles con dificultades puidesen acudir a esa información en calquera momento. Do mesmo xeito, as videochamadas eran grabadas e subidas á aula virtual co mesmo obxecto: a atención a diversidade. Tendo en conta a fenda dixital tan manifesta, estes procedementos

permitiron que todo o alumnado dipuxese de acceso ás clases e vise garantido unha formación continua que permitise a súa avaliación continua.

Na aula virtual tamén se publicaron unha serie de tarefas que permitiron levar adiante un traballo minucioso da programación durante ese tempo. Publicáronse unha serie de unidades didácticas preparadas para o contexto no que nos atopamos, as cales contiñas as tarefas necesarias para poder levar un seguemento axeitado do traballo do alumnado.

Nunca se pediu entrega dentro dun prazo determinado polo feito de que éramos sensibles no departamento ás múltiples variables que se tiñan que ter en conta, o cal non impediu un total compromiso por parte do alumnado, que nunha amplísima maioría entregou as tarefas nun prazo prudencial. Con isto garátese o dereito de poder ser avaliados con xustiza nun contexto no que moitas e moitos tiveron situacións complicadas, principalmente de abastecemento de recursos.

A este traballo contribuíu o cumprimento estrito dun horario de traballo que dese conta das 4 horas que tiña a materia: luns, martes, xoves e venres, de 11:00 a 12:00 o alumnado conectouse para traballar os respectivos temas da historia da filosofía.

A modo de conclusión, cabe dicir, primeiro, que para o contacto entre profesor e alumnado facilitouse dende o inicio o mail do profesor e os devanditos recursos da aula virtual e, segundo, que todo o alumnado ten acceso aos recursos, polo que a conectividade non será un problema para superar a materia.

4. Información e publicidade

Toda a información relativa á materia poderá consultarse nas seguintes webs do IES de Ribadeo:

- <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesribadeo/?q=taxonomy/term/48>
- <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesribadeo/>
- <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesribadeo/aulavirtual2/course/view.php?id=326>